

SUMARIO

- [1-6] NOVAS
- [1-4] IGAEM
 - [5] Centro Dramático Galego
 - [6] Centro Coreográfico Galego
 - [6] Escola de Altos Estudos Musicais
- [5] NOVIDADES EDITORIAIS
- [7-9] AXENDA
- [10] ALERTA!
- [11] A REDE EN CIFRAS



Podes navegar por e_scena premendo nas entradas de sumario, no símbolo «e_scena», enderezos de internet e nos nomes dalgúns organismos.

GALIZA CELEBRA EN 2007 O 125 ANIVERSARIO DO SEU TEATRO

A EFEMÉRIDE MARCA A
ELABORACIÓN DUN PLANO XERAL
DAS ARTES ESCÉNICAS QUE ATENDERÁ
A TODOS OS OBXECTIVOS DO SECTOR

A CONSELLARÍA DE CULTURA
PREPARA VARIAS ACTIVIDADES
CONMEMORATIVAS A TRAVÉS DA
DIRECCIÓN XERAL DE CREACIÓN
E DIFUSIÓN, DO IGAEM E DO CDG

A Consellería de Cultura e Deporte organizará para este ano distintas actividades conmemorativas co gallo do cumprimento do 125 aniversario da primeira representación de teatro en galego, efeméride datada o 13 de agosto de 1882 na Coruña, coa estrea no Liceo Brigatino desta cidade da obra de Francisco de la Iglesia «A fonte do xuramento». A elaboración dun Plano Xeral das Artes Escénicas, así como a posta en marcha doutras iniciativas de promoción máis puntuais centrarán esta celebración, na que traballan conxuntamente a Dirección Xeral de Promoción e Difusión Cultural, o Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (IGAEM) e o Centro Dramático Galego (CDG). O proxecto, que está aberto ás iniciativas procedentes das compañías de teatro galegas e doutras entidades de ámbito cultural, darase a coñecer polo miúdo a finais deste mes, en coincidencia co festexo, o 27 de marzo, do Día Mundial do Teatro.

[continúa na pantalla seguinte]

e-scena é unha publicación mensual de distribución electrónica.

Edita: Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (IGAEM)

Contidos:
Área de Comunicación.

Supervisión lingüística:
Área de Publicacións

Deseño gráfico: Uqui / Cebra

Fotografías: Arquivo IGAEM
D.L.: C-826-06

[vén da pantalla anterior]

O Plano Xeral das Artes Escénicas irase elaborando ao longo do ano a partir dunha diagnose do sector e mediante a aportación de varias mesas de traballo que realicen as súas aportacións ao documento final. O obxectivo é que, cunha perspectiva global e atendendo aos diferentes axentes implicados (creación, produción, distribución, recepción) e ás diversas abordaxes posíbeis (formación, acceso á cultura, industria cultural, referente identitario), se constrúa un marco conxunto e integral de actuación que permita a ubicación das artes escénicas en xeral e o teatro en particular no centro da vida social e cultural do país.

OBXECTIVOS PREFERENTES

Entre os obxectivos preferentes que deberán guiar o devandito plano figuran o fomento da creación no ámbito das artes escénicas para a súa conversión en canle preferente de expresión

e difusión da nosa cultura dentro e fóra de Galiza, ou o asentamento dun tecido produtivo forte, caracterizado pola súa calidade artística, capacidade de produción e innovación.

O impulso das artes escénicas como alternativa de ocio e participación para a maioría da poboación, así como a mellora das condicións para o desenvolvemento profesional (no tocante a oportunidades de formación, condicións laborais, circuitos estábeis de programación, presenza nos medios de comunicación, etc.) son outros aspectos que haberán de terse en consideración.

O documento final será presentado no outono no marco dunhas xornadas especialmente convocadas para este fin.

OUTRAS ACTIVIDADES

De xeito paralelo ao proceso de elaboración do Plano Xeral das Artes Escénicas, desenvolverase a partir de marzo o programa específico de conmemoración dos 125 anos do teatro galego, no que se incluírán distintas actuacións que poñan de manifesto os logros, potencialidades e proxectos de futuro do noso teatro.

Unha exposición didáctica de carácter itinerante, unha campaña de promoción específica nos medios de comunicación e unha programación escénica especial con 125 funcións de espectáculos de pequeno formato –tanto de actor como de títeres– son algunhas das accións que se están a deseñar.

NACE A REVISTA «PARAÍSO» COMO APOIO Á DIFUSIÓN DA ACTIVIDADE DA RGTA

O IGAEM edita neste mes de marzo o primeiro número da revista *Paraíso*, unha nova publicación bianual que nace como apoio á difusión da actividade da Rede Galega de Teatros e Auditorios. A cabeceira, da que se imprimen 5.000 exemplares, distribuirase de balde nos espazos que integran a Rede, nos que estará ao alcance do público ao igual que os folletos coa programación de teatro, danza, música e maxia deste circuito que promove o IGAEM xunto a 45 concellos e entidades galegas.

Paraíso, que toma o seu título da denominación que reciben as butacas dos pisos máis altos dos teatros á italiana, contén un caderniño central coa listaxe por datas de toda a programación da Rede, ademais de fichas particularizadas de cada espectáculo. A súa finalidade é constituírse como un elementode referencia para a pro-



IGAEM

moción das roducións escénicas galegas entre o público.

Sendas reportaxes sobre as compañías Sarabela e Nut Teatro, unha entrevista a Manuel Lourenzo, un cuestionario formulado ás salas escénicas privadas galegas, así como informacións sobre o traballo do Centro Coreográfico Galego ou da Asociación Galega de Magos son algúns dos contidos que aparecen neste primeiro número.

Está previsto que a segunda entrega de *Paraíso* apareza a principios de setembro.

MANUEL LOURENZO

O TEATRO É UNA NECESIDAD SOCIAL

¿Que significa o teatro na súa vida? É un acto, pero non só un acto, é unha vida. É un acto que se repite, que se renova, que se transforma. É un acto que se vive, que se sente, que se comparte. É un acto que se crea, que se destrúe, que se renova. É un acto que se vive, que se sente, que se comparte. É un acto que se crea, que se destrúe, que se renova.

¿Como se vive o teatro? O teatro vive no momento. No momento do acto. No momento da creación. No momento da destrución. No momento da renovación. O teatro vive no momento. No momento do acto. No momento da creación. No momento da destrución. No momento da renovación.

¿Que papel xoga o teatro na sociedade? O teatro xoga un papel fundamental na sociedade. É un instrumento de transformación social. É un instrumento de educación. É un instrumento de reflexión. É un instrumento de acción. O teatro xoga un papel fundamental na sociedade. É un instrumento de transformación social. É un instrumento de educación. É un instrumento de reflexión. É un instrumento de acción.

185 PROXECTOS OPTAN ÁS DISTINTAS AXUDAS CONVOCADAS POLO IGAEM

O IGAEM recibiu un total de 185 propostas –procedentes de compañías de teatro, música e danza– que concorren ás distintas modalidades de axudas na convocatoria de 2007, para a que se destinan 1.569.800 euros. No apartado de actividade escénica, son 62 proxectos os presentados, dos que 15 o fixeron na categoría de nova creación (1 deles no subapartado de axuda bianual), 40 na de teatro de actor e de títeres (16 na opción de axuda bianual) e 7 na de danza (3 bianuais).

Na modalidade de distribución exterior de espectáculos de artes escénicas rexistráronse 14 propostas, 9 na de asistencia a feiras e outras plataformas de exhibición musical e 27 no caso de promoción e difusión de traballos discográficos editados a partir de xullo de 2006.

No apartado relativo ao asociacionismo profesional no ámbito das artes escénicas contabilizáronse 15 candidaturas á obten-



ción de axuda, en tanto que para os catro tipos previstos no ámbito do estudo e a investigación presentáronse 23 solicitudes (13 para asistencia a cursos especializados, congresos, xornadas e outras actividades fóra de Galicia, 3 para bolsas de investigación, 3 para axudas á práctica profesional e 4 para residencias de danza).

Por último, 29 entidades públicas locais titulares de teatros e auditorios integrados na Rede Galega de Teatros e Auditorios solicitaron axuda para dotacións e investimentos nos seus espazos escénicos, mentres que 6 son as salas de teatro de artes escénicas privadas que aspiran a obter subvención.

FE DE ERROS: Na páxina 5 do anterior número de e-scena, de febreiro de 2007, a fotografía atribuída a Cachirulo, corresponde en realidade á obra *De fábula*, do grupo Artello Teatro Alla Scala 1:5.

O IGAEM MIDE POR VEZ PRIMEIRA A SATISFACCIÓN DO PÚBLICO NOS ESPECTÁCULOS DA RGTA

O IGAEM obtivo os resultados do primeiro estudo específico realizado en Galiza para medir o grao de satisfacción do público respecto aos espectáculos que se programan na Rede Galega de Teatros e Auditorios. O devandito estudo, que se realizou mediante unha enquisa a 790 entrevistados entre setembro de 2006 e xaneiro de 2007, utilizou como método de mostraxe unha estimación da asistencia por provincias para os espectáculos exhibidos entre setembro e novembro. Efectuouse unha afixación proporcional da mostra en función da provincia, seleccionáronse os espazos de forma aleatoria tomando en consideración as datas das representacións e, en

última instancia, a escolla final dos entrevistados realizouse por cotas de sexo e idade.

A investigación mide a asistencia do público aos espectáculos segundo variables de xénero, idade, nivel de estudos, situación laboral e tamaño da poboación; e determina as valoracións globais dos espectáculos por disciplinas artísticas e atendendo ás anteriores variables. Tamén se establece unha puntuación sobre os contidos dos espectáculos e o grao de acordo e desacordo coas súas imaxes. As distintas características dos espazos escénicos da Rede son, así mesmo, obxecto de avaliación.

Entre outras consideracións, o estudo amosa que as valoracións globais sobre os espectáculos teatrais e de danza son altas na escala, e moi seme-

llantes entre si: 7'95 e 7'96, respectivamente. En relación a estas dúas disciplinas, a puntuación obtida polas funcións de monicreques é algo máis baixa: 7'56. As imaxes asociadas ao espectáculo medio representado na RGTA son as de profesionalidade, interese da temática, o seu carácter atractivo, a súa modernidade e a súa comprensibilidade.

Canto aos espazos escénicos, as características mellor valoradas son a atención ao público e os horarios asignados ás funcións. Descende a aceptación, aínda que dentro dunha tendencia moi positiva xeral, sobre aspectos como a accesibilidade ou a comodidade dos recintos.

O estudo completo poderá consultarse proximamente na web www.igaem.xunta.es.



NOVA EDICIÓ DO PREMIOS DO IGAEM Á CREAMIÓN LITE- RARIA NO EIDO DRAMÁTICO

O IGAEM vén de convocar unha nova edición dos seus tres premios que outorga anualmente para incentivar a creación literaria no eido dramático. Trátase do XVI Premio Álvaro Cunqueiro de Textos Teatrais, o II Premio Manuel María de Literatura Dramática Infantil e o V Premio Barriga Verde de Textos para Teatro de Títeres, este último coas súas dúas modalidades: para rapaces e para adultos.

Os premios teñen unha dotación económica global de 18.000 euros (6.000 o Álvaro Cunqueiro, 4.000 o Manuel María e 4.000 cada modalidade do Barriga Verde) e a súa concesión conleva a edición dos textos dentro das coleccións dramáticas que mantén abertas o IGAEM en réxime de coedición con distintas empresas galegas.

A de 2007 é a primeira edición na que os tres premios unifican a súa convocatoria, tanto no tocante a prazos de recepción de orixinais e de resolución, como no de composición do xurado, que a partir de agora será o mesmo para os tres galardóns. Deste xeito, establécese que a entrega de textos para calquera dos premios poderá facerse até o 31 de maio, en tanto que a data do dictame non rebasará o 10 de outubro de 2007.

O Día Mundial do Teatro creouse en 1961 polo Instituto Internacional do Teatro (ITI), organización non gubernamental dependente da Unesco con sede en París. Celébrase anualmente o 27 de marzo pola comunidade teatral internacional mediante a organización de diversos eventos que sinalan a ocasión e reivindicán a utilidade da arte escénica para establecer lazos permanentes de solidariedade e comprensión entre os pobos. Unha das súas iniciativas máis importantes é a circulación da Mensaxe Internacional tradicionalmente escrita por unha personalidade do teatro de talla mundial, convidada polo ITI. O boletín **e-scena** súmase á difusión da mensaxe deste ano, asinada polo Xequé-Sultán Bin Mohammed AL-Qasimi, gobernador do emirato de Sharjah e membro do Consello Supremo de Emiratos Árabes Unidos.

MENSAXE INTERNACIONAL 2007

Foi nos meus primeiros anos escolares cando comezou a miña fascinación polo teatro, aquel mundo máxico que me cativou desde aquela altura.

Os inicios foron modestos, un encontro casual que considerei como una actividade extracurricular para enriquecer a mente e o espírito. Pero foi moito máis ca iso cando cheguei a estar seriamente involucrado como escritor, actor e director dunha produción teatral. Lembro que foi unha obra política que molestou ás autoridades daquela época. Todo foi embargado e o teatro clausurado fronte aos meus propios ollos. Mais o espírito do teatro non puido ser esmagado polo peso das botas dos soldados armados. Ese espírito buscou refuxio e agochouse no máis profundo do meu ser, facéndome totalmente consciente do amplo poder do teatro. Foi entón cando a verdadeira esencia do teatro me impactou da maneira máis profunda, levándome a estar absolutamente convencido de que o teatro podía facer nas vidas das nacións, particularmente fronte aos que non poden tolerar oposición ou diferenzas de opinión.

O poder e o espírito do teatro enraizaron profundamente na miña conciencia durante os meus anos de universidade no Cairo. Avidamente lía case todo o escrito sobre o teatro e puiden ver os diversos alcances do que

se presentaba nos escenarios. Esta conciencia profundou en min aínda máis nos anos seguintes, mentres tentaba seguir as últimas evolucións no mundo do teatro.

Leo sobre o teatro desde os tempos dos ancestrais gregos até a actualidade. Cheguei a ser agudamente consciente da maxia interior que os moitos mundos do teatro teñen o poder de exercitar. É deste xeito que o teatro alcanza as profundidades ocultas da alma e libera os tesouros escondidos que habitan no fondo do espírito humano. Todo isto fortaleceu a miña imperturbábel fe no poder do teatro, no teatro como un instrumento de unificación a través do cal o home pode difundir amor e paz. O poder do teatro tamén permite a apertura de novas canles de diálogo entre diferentes razas, diferentes etnias, diferentes cores e diferentes credos. Todo isto ensinome persoalmente a aceptar aos outros tal e como son e infundíume a convicción de que no ben a humanidade pode manterse unida, mais na maldade a humanidade só pode estar dividida.

Certo é que a loita entre o ben e o mal é intrínseca aos códigos do teatro. Por último, porén, prevalece o sentido común e a natureza humana no seu conxunto unírase por si mesma a todo o que é bo, puro e virtuoso.

As guerras coas que a humanidade foi castigada desde tempos ancestrais foron sempre causadas por instintos malvados que simplemente non recoñecen a beleza. O teatro valora a beleza e un podería mesmo argumentar que ningunha forma de arte é quen de capturar a fermosura con máis fidelidade que o teatro. O teatro é un receptáculo que abrangue todas as expresións de beleza, e aqueles que non valoran a beleza non poden valorar a vida.

Teatro é vida. Nunca houbo un momento como o actual cando é da nosa incumbencia denunciar guerras fútiles e diferenzas doutrinarias que frecuentemente levantan as súas horrendas cabezas en ausencia dunha conciencia real e responsábel que as inhiba. Precisamos rematar con escenas de violencia e matanzas. Estas escenas convertéronse en sucesos cotiás no mundo de hoxe, só agravados polas abismais diferenzas entre a perversa opulencia e a abxecta pobreza, e enfermidades como a SIDA que depredan e depredan moitas partes do globo e derrotan os mellores esforzos para erradicarlas. Estas enfermidades son, xunto con outras formas de sufrimento pola desertificación e as secas, calamidades provocadas pola ausencia dun diálogo auténtico que sería o camiño seguro para converter o mundo nun lugar mellor e feliz.

Xente de teatro, é case como se tivéssemos sido abatidos por unha treboada e obnubilados polo po da dúbida e a sospeita que se nos achega. A visibilidade foi case completamente eclipsada e as nosas voces estridentes apenas audíbeis no clamor e nas divisións intentan manternos distantes aos uns dos outros. En realidade se non fose pola nosa profunda e enraizada fe no diálogo tan excepcionalmente manifestada por formas de arte como o teatro, teríamos sido varridos pola treboada que non deixa pedra sobre pedra no seu afán de dividírnos. Debemos encaralos, non para destruí-los senón para levantármolos encol da contaminada atmosfera abandonada no despertar das súas tormentas. Necesitamos unir os nosos esforzos e dedicálos a comunicar a nosa mensaxe e establecer lazos de amizade cos demais na procura da irmandade entre nacións e xentes.

Nós somos mortais, pero o teatro é tan eterno como a vida mesma.

Bin Mohammed AL-Qasimi

AVANZAN OS ENSAIOS DE "A PIRAGUA" BAIXO A DIRECCIÓN DE CÁNDIDO PAZÓ

A *piragua*, a montaxe coa que o CDG rematará o seu plano de produción para a actual temporada 2006-2007, está en plena fase de ensaios cara a súa estrea o vindeiro 13 de abril no Salón Teatro de Santiago. O Instituto de Bacharelato Xelmírez desta mesma cidade acolle durante todo marzo os traballos de montaxe e interpretación deste espectáculo, baixo a dirección de escena de Cándido Pazó.

A *piragua*, que escenifica un texto encargado ao propio Pazó como actual dramaturgo residente do CDG, aborda o tema da violencia doméstica como principal liña argumental.

Os actores e actrices Xosé Manuel Oliveira "Pico", Susana Dans, Iolanda Muíños, Marcos Orsi, César Goldi, Ricardo de Barreiro e Marián Bañobre integran o elenco deste espectáculo, que será distribuído por diferentes escenarios galegos até finais de xuño.

2.775 ALUMNOS PARTICIPAN NA CAMPAÑA ESCOLAR DE "TARARÁ CHIS PUM!" NO SALÓN TEATRO

Un total de 2.775 alumnos procedentes de 37 centros de ensino asistirán á representación do espectáculo do Centro Dramático Galego *Tarará-Chis-Pum!* no Salón Teatro, dentro da campaña escolar realizada pola compañía pública, que ten como apoio unha unidade didáctica elaborada por Cristina Pérez Asenjo. Vimianzo, Ortigueira, Zas, Pontedeume, Chantada, Oroso, Mazaricos, Negreira, Ponteceures, Boiro, Cambados, O Rosal, Rois, Coristanco, Rianxo, Barro, Palas



de Rei, O Grove, Muxía ou Mesía son algúns dos concellos con colexios que se sumaron a esta iniciativa.

Tarará-Chis-Pum!, codirixida por Rosa Hurtado e Santiago Montenegro e interpretada por Anabel Gago, Avelino González, Bea, Fran Peleteiro, Manuel Polo, Noemí Rodríguez e José Carlos Illanes, ofrecerá para esta finalidade didáctica 12 funcións matinais os días 7, 8, 9, 14, 15, 16, 21, 22, 23, 28, 29 e 30. As representacións de sábado e domingo, fixadas ás 18:00 horas (días 10, 11, 17, 18, 24, 25 e 31) poderá acceder público xeral. A obra está especialmente indicada para nenos e nenas con idades entre 6 e 12 anos.

ABEL NEVES IMPARTE O TERCEIRO OBRADOIRO DO CENTRO DE CREACIÓN DRAMÁTICA CONTEMPORÁNEA

O dramaturgo, poeta e novelista portugués Abel Neves imparte do 5 ao 9 de marzo o terceiro dos obradoiros do Centro de Creación Dramática Contemporánea, a nova liña de traballo do CDG para o fomento da escrita teatral. Baixo o título "Encontro para o diálogo", Neves tomará o relevo aos seus predecesores como mestres no curso xeral "Pistas para unha dramaturxia da actualidade", Cándido Pazó e Paco Zarzoso, cos que alumnos matriculados traballaron contidos relativos a temas e estruturas das pezas dramáticas. Neste terceiro e último obradoiro

porase a énfase en todo o tocante á estilística, construción de personaxes, diálogos e resolución de finais.

Xa no mes de abril realizarase unha xornada de seguemento dos traballos que están a ser escritos polos cursillistas, previamente á presentación en lectura dos textos rematados mediante unha lectura pública a cargo de grupos artísticos formados por alumnos de escolas de interpretación, actividade que porá o colofón ao curso.



O CDG PRODUCE A LECTURA DOS TEXTOS FINALISTAS DO I PREMIO DE TEATRO RADIOFÓNICO

O Centro Dramático Galego produciu a lectura dramatizada dos tres textos finalistas do I Premio de Teatro Radiofónico que organiza a Radio Galega co patrocinio da Consellería de Cultura e Deporte.

Baixo a dirección de Lino Braxe, un grupo de 11 actores e actrices integrado por Rebeca Montero, Manuel Manquiña, Gonzalo Uriarte, Luís Tosar, Luís Zaera, Miguel Pernas, Xavier Estévez, Flor Maceiras, Xosé Vilarelle, Juan Rodríguez e o neno Darío deu voz aos personaxes das obras tituladas "1.073", "O elixido" e "O Bambán", as tres finalistas da primeira edición desta distinción cuxo obxectivo é recuperar e difundir o xénero do teatro especialmente realizado para ser transmitido pola radio, mediante a utilización dos diferentes recursos sonoros para a súa dramatización.

As lecturas serán emitidas ao longo deste mes de marzo no programa "Diario Cultural", dirixido por Ana Romaní na Radio Galega, desde o que se dará tamén a coñecer ao autor ou autora que se faga co galardón.

novidades



Limpeza de sangue

Rubén Ruibal Armesto

Edicións Xerais de Galicia-IGAEM
Biblioteca Dramática Galega, nº1
ISBN: 978-84-453-4352-4
(84-453-4352-4) PVP: 12 euros

Obra gañadora do Premio Álvaro Cunqueiro para Textos Teatrais 2005. Trata a relación que se establece entre dúas persoas de diferente condición social nunha sala de diálise.

Farsa de Bululú

Manuel María

Edicións Xerais de Galicia-IGAEM
Biblioteca Dramática Galega, nº2
ISBN: 978-84-453-4353-1
(84-453-4353-X) PVP: 12 euros

Obra dramática rematada en 1970 que satiriza a situación política da etapa franquista.

O que ocorreu despois de que Nora abandonara o seu marido ou os piares das sociedades

Elfriede Jelinek

Edicións Xerais de Galicia-IGAEM
Biblioteca Dramática Galega, nº3
ISBN: 978-84-453-4351-7
(84-453-4351-3) PVP: 12 euros

Obra da autora austríaca Premio Nobel de Literatura 2004 de profundo carácter feminista.

Palabra e acción. A obra de Manuel Lourenzo no sistema teatral galego

Roberto Pascual Rodríguez

Editorial TrisTram
Colección Máscaras, nº7
ISBN: 84-89377-72-3 PVP: 12,25 euros

Obra na que se afonda no mesto mundo escénico de Manuel Lourenzo, os seus duros comezos, a súa preocupación ensaística e as influencias do seu traballo, as máis de cen pezas teatrais escritas e o peso dos innumerables premios acadados.

O CCG LEVARÁ "VACUO" A FESTIVAIS DE BARCELONA, VALENCIA E LEÓN

Vacuo, a peza inaugural do Centro Coreográfico Galego, levará a cabo unha serie de representacións en distintos lugares da xeografía española, durante a que se amosará a creación de Maruxa Salas con música de Berroquetto a festivais de danza de Barcelona, Valencia e León. Estas funcións completarán o ciclo de distribución que na actualidade se está a realizar, con gran éxito de público, por toda Galiza.

O equipo de *Vacuo* viaxará a Barcelona o 13 de abril para participar na carteleira programación do Encontro Internacional Mov-s, parte do programa do Mercat de les Flors. En Valencia recalará o 30 de abril, dentro da mostra Dansa Valencia, unha das pioneiras e máis representativas neste xénero de cantas se celebran en España; e en León actuará o 8 de xuño, dentro da segunda edición do festival El tableteo de la Cigüeña.



Máis de 3.000 espectadores

Máis de 3.000 espectadores presenciaron *Vacuo* ao longo das 11 funcións que leva realizadas desde a súa estrea o pasado 6 de xaneiro no Teatro Rosalía Castro da Coruña.

O espectáculo aínda poderá verse en Tui (Teatro Municipal Área Panorámica, día 2), Ferrol (Teatro Jofre, día 6), Lugo (Auditorio Municipal Gustavo Freire, día 10), Ribadeo (Auditorio Municipal Hernán Naval, día 11), Cangas (Auditorio Municipal, día 17) e Ourense (Teatro Principal, 31 de marzo e 1 de abril).

Actividades formativas

Ademais, o CCG combina a distribución de *Vacuo* cunha intensa actividade formativa con xornadas desenvolvidas nos Conservatorios de Danza de Lugo e A Coruña, nas que 50 alumnos participaron das nocións impartidas por Maruxa Salas e o seu axudante de dirección en *Vacuo* Erick Patrith Jiménez. O obxectivo destas actividades é dar servizo aos profe-

sioanis da danza en Galiza, así como ampliar e mellorar os coñecementos sobre composición coreográfica contemporánea dos estudantes de danza clásica matriculados nos conservatorios galegos.

A súa celebración tamén resposta a unha estratexia xeral do CCG para a captación de público, ao igual que os obradoiros que se realizaron en datas precedentes noutros centros de interese, como a Escola Superior de Arte Dramática de Vigo, a Facultade de Ciencias da Actividade Física e do Deporte de Pontevedra ou o Centro de Menores Concepción Areal da Coruña.

Nesa mesma liña de divulgación da danza insírense os actos promocionais de *Vacuo* que se levaron a cabo en lugares como a lonxa do peixe da Coruña, a estación de ferrocarril de Santiago, a terminal de carga da factoría Citroën no porto de Vigo, o mercadillo ambulante de Vilagarcía, a Facultade de Belas de Pontevedra, a fábrica de forxados INTAF en Narón ou a Ponte Internacional do Miño en Tui.

A ESCOLA DE ALTOS ESTUDOS MÚSICAIS ACOLLE O CONGRESO DE PASCUAL VEIGA

A sede da Escola de Altos Estudos Musicais acolleu do 1 ao 3 de marzo o Congreso de Pascual Veiga (Mondolá, 1842-Madrid, 1906), organizado pola Consellaría de Cultura e Deporte, a Real Academia Galega, o Consello da Cultura Galega e a Universidade de Santiago de Compostela coa finalidade da difusión da figura e a obra do autor da música do himno galego.

O congreso, que se celebrou ao cumprirse o centenario da estrea na Habana da composición que musicou o poema de Eduardo Pondal *Os pinos* e pasou a ser símbolo de Galiza, contou coa intervención de distintos estudosos da obra de Veiga (Fernando López-Acuña, Manuel Ferreiro, Rosa Fernández, Xosé M. Núñez Seixas, Carlos Villanueva, Julio Andrade, etc.) e coa celebración de dous concertos a cargo da Coral Polifónica El Eco e do grupo Capriccio Vocale.

Cultura está a promover un proxecto de investigación sobre Pascual Veiga que inclúe a edición integral da súa obra. O obxectivo é facer unha análise rigorosa e científica sobre a súa música, que vaia máis alá da coñecida Alborada e do Himno Galego.

ALEXANDER GOLD IMPARTE DOUS CURSOS DE PIANO ATÉ O MES DE MAIO



Un total de 6 alumnos participan entre o 5 de marzo e o 21 de maio en dous cursos de piano impartidos na EAEM polo mestre de orixe rusa Alexander Gold. Ambos cursos, de 15 horas lectivas, forman parte do programa da Sección de Formación Permanente da escola. O primeiro deles céntrase no repertorio de piano de xeito monográfico, e o segundo está especialmente destinado a instrumentistas que integran grupos de cámara con piano.


Alexander Gold estudou no Conservatorio Tchaikovsky de Moscova. Posteriormente, compaxinou a súa actividade concertística co ensino na Universidade de Pedagogía e Escola de Música E. Schaporin, tamén en Moscova. Foi catedrático da Escola de Música de Tel-Aviv e profesor no conservatorio de Holanda do Norte. Ten impartido *masters* e conferencias en Europa e Asia; participado como pianista en diferentes conxuntos musicais e traballado con directores de orquestra como I. Rachlin, N. Faltarovich, E. Ignatev, P. Sakari, J. Tal, M. Zumalave, etc. Na actualidade reside en Santiago onde realiza frecuentes iniciativas pedagóxicas.

esía de Eduardo Pondal

Música de Pascual Veiga



01									01		
XOVES									XOVES		
02	Teatro do Morcego <i>O burgués fidalgo</i> Narón, 20.30 h AUDITORIO MUNICIPAL	Teatro Galileo <i>O avaro</i> Muros 22.00 h CENTRO CULTURAL E XUVENIL	Teatro de Ningures <i>Emigrados</i> Cangas 22.30 h AUDITORIO MUNICIPAL		Ópera off <i>A última rata</i> Vigo 22:00 h TEATRO ARTE LIVRE	Tarará-Chis-Pum! A Coruña 11:00 h FÓRUM METROPOLITANO (función escolar)		Rayo Malayo <i>Los Olvidados</i> 20.30 h	02		
VENRES								Rayo Malayo <i>Los Olvidados</i> 20.30 h	VENRES		
03	Teatro do Morcego <i>O burgués fidalgo</i> Narón, 20.30 h AUDITORIO MUNICIPAL	Mago Richard <i>Benvidos isto é maxia</i> Muros 19.00 h CENTRO CULTURAL E XUVENIL	Teatro de Ningures <i>Emigrados</i> Cangas 20.30 h AUDITORIO MUNICIPAL		Caramuxo Teatro <i>Historia dunha semente</i> A Coruña 19.00 h TEATRO DEL ANDAMIO	Ópera off <i>A última rata</i> Vigo 22:00 h TEATRO ARTE LIVRE	CDG <i>Tarará-Chis-Pum!</i> A Coruña 19:00 h FÓRUM METROPOLITANO	Teatro Galileo <i>O avaro</i> Redondela 22.00 h MULTIUSUS DA XUNQUEIRA	Lagarta Lagarta <i>As últimas lúas</i> 20.30 h	03	
SÁBADO									SÁBADO		
04	Ricardo de Barreiro <i>Merda</i> San Sadurniño 19.30 h CASA DA CULTURA	Sarabela Teatro <i>Macbeth</i> Betanzos 20.30 h AULA MUNICIPAL DE CULTURA	Teatro de Ningures <i>Emigrados</i> Cangas 20.30 h AUDITORIO MUNICIPAL	Teatro Buratini <i>Tic Tac. Sons dunha nave</i> Vigo 12:00 h TEATRO ARTE LIVRE	Ópera off <i>A última rata</i> Vigo 20:30 h TEATRO ARTE LIVRE	Caramuxo Teatro <i>Historia dunha semente</i> A Coruña 19.00 h TEATRO DEL ANDAMIO		Lagarta Lagarta <i>As últimas lúas</i> 18.00 h	04		
DOMINGO									DOMINGO		
05		Uve doble Teatro <i>O veleno do Teatro</i> Vigo 21:00 h TEATRO ARTE LIVRE				CDG <i>Tarará-Chis-Pum!</i> A Coruña 11:00 h FÓRUM METROPOLITANO (función escolar)			05		
LUNS									LUNS		
06									06		
MARTES									MARTES		
07	Teatro Cachuzo <i>Charlie's Angel's sex</i> Vigo 21:00 h TEATRO ARTE LIVRE	Talía Teatro <i>Bicos con lingua</i> Santiago 10:30 h SALA YAGO (Función escolar)				CDG <i>Tarará-Chis-Pum!</i> Santiago 11:00 h SALÓN TEATRO (función escolar)			07		
MÉRCORES									MÉRCORES		
08	Teatro de Ningures <i>Emigrados</i> Ourense AUDITORIO MUNICIPAL	Nut Teatro <i>Corpos Disidentes</i> Ribadeo 20.30 h AUDITORIO MUNICIPAL HERNÁN NAVAL				CDG <i>Tarará-Chis-Pum!</i> Santiago 11:00 h SALÓN TEATRO (función escolar)	Teatro Cachuzo <i>Charlie's Angel's sex</i> Vigo 21:00 h TEATRO ARTE LIVRE	Talía Teatro <i>Bicos con lingua</i> Santiago 10:30 h SALA YAGO (Función escolar)	Teatro do Morcego <i>O burgués fidalgo</i> Santiago de Compostela 21.00 h TEATRO PRINCIPAL	08	
XOVES									XOVES		
09	Máscara Producións <i>Asalto de cama</i> Arteixo 20.30 h CENTRO CÍVICO CULTURAL	Espello Cóncavo <i>Zardigot</i> A Coruña 20.30 h TEATRO ROSALÍA DE CASTRO	Teatro do Morcego <i>O burgués fidalgo</i> Santiago de Compostela 21.00 h TEATRO PRINCIPAL	A Factoría Teatro <i>Os homes s contan até tres</i> Carballo PAZO DA CULTURA	Decamerón e Cía <i>O xuízo da adúltera Filipa</i> Burela 21.30 h CASA DA CULTURA	CDG <i>Tarará-Chis-Pum!</i> Santiago 11:00 h SALÓN TEATRO (función escolar)			09		
VENRES	Lagarta Lagarta <i>As últimas Lúas</i> Tui 21.30 h TEATRO MUNICIPAL – EDIFICIO ÁREA PANORÁMICA	Nut Teatro <i>Corpos Disidentes</i> O Carballiño 22.30 h AUDITORIO MUNICIPAL								VENRES	
10	San&San <i>Bar</i> Cee 20.00 h SALÓN DE ACTOS	Espello Cóncavo <i>Zardigot</i> A Coruña 20.30 h TEATRO ROSALÍA DE CASTRO	CDG <i>Tarará-Chis-Pum!</i> Santiago de Compostela 18:00 h SALÓN TEATRO				10				
SÁBADO	Quinteto de vento metal Santa Cecilia Sada 20.00 h CASA DA CULTURA PINTOR LLORÉNS	Lagarta Lagarta <i>As últimas lúas</i> Vigo 20.30 h CENTRO CULTURAL CAIXANOVA					SÁBADO				
						Teatro de Ningures <i>Misericordia</i> Viveiro 20.30 h TEATRO PASTOR DÍAZ	Fulano, Mengano e Cítano <i>Arte</i> Oleiros 20.30 h AUDITORIO GABRIEL GARCÍA MÁRQUEZ	Nut Teatro <i>Corpos Disidentes</i> A Coruña 20.30 h FORUM METROPOLITANO			

11 DOMINGO	Caramuxo Teatro <i>Glub, Glub</i> Ames 17:00 h CASA DA CULTURA DE BERTAMIRÃNS		Talía Teatro <i>O merlo branco</i> Vigo 18.00 h CENTRO CULTURAL CAIXANOVA	Títeres en acción <i>Trastos vellos</i> Vigo 12:00 h TEATRO ARTE LIVRE	Uve dobre Teatro <i>O veleno do Teatro</i> Vigo 21:00 h TEATRO ARTE LIVRE	CDG <i>Tarará-Chis-Pum!</i> Santiago de Compostela 18:00 h SALÓN TEATRO	CCG <i>Vacuo</i> Ribadeo 21:00 h AUDITORIO MUNICIPAL	11 DOMINGO	
14 MÉRCORES			Talía Teatro <i>Bicos con lingua</i> Santiago 10:30 h SALA YAGO (Función escolar)			CDG <i>Tarará-Chis-Pum!</i> Santiago 11:00 h SALÓN TEATRO (función escolar)		14 MÉRCORES	
15 XOVES	Teatro Galileo Rosso <i>Profondo in punto di morte</i> Culleredo 11.00 h EDIFICIO DE SERVIZOS MÚLTIPLES O BURGO		Talía Teatro <i>Bicos con lingua</i> Santiago 10:30 h SALA YAGO (Función escolar)	Sarabela Teatro <i>Magar no pazo do tempo</i> Ourense 20.30 h TEATRO PRINCIPAL	Teatro de Ningures <i>Misericordia</i> Monforte 20.15 h EDIFICIO MULTIUSOS	CDG <i>Tarará-Chis-Pum!</i> Santiago 11:00 h SALÓN TEATRO (función escolar)		15 XOVES	
16 VENRES	Teatro Galileo Rosso <i>Profondo in punto di morte</i> Culleredo 11.00/20.30 h EDIFICIO DE SERVIZOS MÚLTIPLES O BURGO	Teatro de la Luna <i>Ferdinando</i> Tui 20.30 h TEATRO MUNICIPAL – EDIFICIO ÁREA PANORÁMICA	Sarabela Teatro <i>Magar no pazo do tempo</i> Ourense 20.30 h TEATRO PRINCIPAL	Grupo de Música Antiga 1500 ...Estou de vos moito marabillado... O Barco 20.30 h A. MUNICIPAL LAURO OLMO	Mimo – Mago Anyo <i>A maxia do silencio</i> Ponteareas 21.00 h AUDITORIO REVERIANO SOUTULLO	CDG <i>Tarará-Chis-Pum!</i> Santiago 11:00 h SALÓN TEATRO (función escolar)		16 VENRES	
17 SÁBADO	Teatro del Andamio <i>Yepeto</i> Cee 20.00 h SALÓN DE ACTOS DO CONCELLO Títeres Trompicallo <i>Nadarín</i> Vigo 18.00 h AUDITORIO MUNICIPAL	Trio Musical Inter-mezzo Astor Piazzola. <i>A vida polo tango</i> Vilagarcía 21.00 h AUDITORIO MUNICIPAL Mofa e Befá <i>Sempre ao lonxe</i> Narón 20.00 h AUDITORIO MUNICIPAL		Teatro de Ningures <i>Emigrados</i> Vigo 20.30 h CENTRO CULTURAL CAIXANOVA Teatro do Morcego <i>O burgués fidalgo</i> Redondela 22.00 h MULTIUSOS DA XUNQUEIRA	Alumnos da Escola de Altos Estudos Musicías Santiago 20.30 h AUDITORIO EAEM	CDG <i>Tarará-Chis-Pum!</i> Santiago de Compostela 18:00 h SALÓN TEATRO		CCG <i>Vacuo</i> Cangas 20:30 h AUDITORIO MUNICIPAL	17 SÁBADO
18 DOMINGO	Teatro de la Luna <i>Ferdinando</i> San Sadurniño 19.30 h CASA DA CULTURA	Cuarteto corda «Solistas de Galicia» <i>Concerto de corda</i> Cariño 20.00 h AUDITORIO MUNICIPAL	Teatro Galileo <i>O avaro</i> Ribadeo 20.30 h AUDITORIO MUNICIPAL HERNÁN NAVAL	Títeres en acción <i>Trastos vellos</i> Vigo 12:00 h TEATRO ARTE LIVRE	Teatro Buffo <i>Viva Rodari</i> Santiago 12:30 h SALA YAGO	CDG <i>Tarará-Chis-Pum!</i> Santiago de Compostela 18:00 h SALÓN TEATRO			18 DOMINGO
19 LUNS	Teatro Buffo <i>Viva Rodari</i> Santiago 11:00 h SALA YAGO (Función escolar)					CDG <i>Tarará-Chis-Pum!</i> Santiago 11:00 h SALÓN TEATRO (función escolar)			19 LUNS
21 MÉRCORES	Javier Martín <i>Insultos privados</i> Vigo 21.00 h TEATRO ARTE LIVRE					CDG <i>Tarará-Chis-Pum!</i> Santiago 11:00 h SALÓN TEATRO (función escolar)			21 MÉRCORES
22 XOVES	Javier Martín <i>Insultos privados</i> Vigo 21.00 h TEATRO ARTE LIVRE		Teatro Galileo <i>Rosso Profondo in punto di morte</i> Santiago 20:30 h SALA YAGO	Teatro Galileo <i>Rosso Profondo in punto di morte</i> Santiago 20:30 h SALA YAGO		CDG <i>Tarará-Chis-Pum!</i> Santiago 11:00 h SALÓN TEATRO (función escolar)			22 XOVES
23 VENRES	Sarabela Teatro <i>Cristovo e as marabillas</i> Vilagarcía 18.00 h AUDITORIO MUNICIPAL Titzina Teatre <i>Entrañas</i> Santiago 21.00 h TEATRO PRINCIPAL	Fulano, Mengano e Cítano <i>O faro</i> Viveiro 20.00 h TEATRO PASTOR DÍAZ Malasombra <i>Non é tan fácil</i> Lalín 21.30 h NOVO SALÓN TEATRO	Mimo – Mago Anxo <i>A maxia do silencio</i> Boiro 20.00 h CASA DA CULTURA RAMÓN MARTÍNEZ LÓPEZ Mofa e Befá <i>Sempre ao lonxe</i> Noia 22.00 h TEATRO COLISEO NOELA	Teatro Arca <i>Aseñinos Anónimos</i> Ferrol 20:30 h TEATRO JOFRE Teatro Galileo <i>Rosso Profondo in punto di morte</i> Santiago 20:30 h SALA YAGO	Erre que erre <i>Dress-code</i> Vigo 22:00 h TEATRO ENSALLE	CDG <i>Tarará-Chis-Pum!</i> Santiago 11:00 h SALÓN TEATRO (función escolar)			23 VENRES

24 SÁBADO	Ricardo de Barreiro <i>Merda</i> Sada 20.00 h CASA DA CULTURA PINTOR LLORÉNS	Titzina Teatre <i>Entrañas</i> Narón 20.00 h AUDITORIO MUNICIPAL	Lagarta Lagarta <i>As últimas Lúas</i> Cee 20.00 h SALÓN DE ACTOS DO CONCELLO	Mofa e Befa <i>Sempre ao lonxe</i> Vilalba 20.30 h AUDITORIO CARMEN ESTÉVEZ	Chrystyan Magic <i>Entroido Máxico</i> Burela 21.30 h CASA DA CULTURA	CDG <i>Tará-Chis-Pum!</i> Santiago de Compostela 18:00 h SALÓN TEATRO	 <i>Nut Teatro</i>	24 SÁBADO
	Teatro Arca <i>Asesinos anónimos</i> Redondela 22.00 h MULTUSOS DA XUNQUEIRA	La sonrisa del lagarto <i>Prisionero</i> A Coruña 20:30 h TEATRO DEL ANDAMIO	Teatro Galileo <i>Rosso Profondo</i> <i>in punto di morte</i> Santiago 22:30 h SALA YAGO	Erre que erre <i>Dress-code</i> Vigo 22:00 h TEATRO ENSALLE				24 SÁBADO
25 DOMINGO	Titzina Teatre <i>Entrañas</i> Ourense AUDITORIO MUNICIPAL	Ricardo Barreiro <i>Merda</i> Betanzos 20.30 h AULA MUNICIPAL DE CULTURA	The Pinga Teatro <i>O rei dos mares</i> Vigo 12:00 h TEATRO ARTE LIVRE	Erre que erre <i>Dress-code</i> Vigo 21:00 h TEATRO ENSALLE	La sonrisa del lagarto <i>Prisionero</i> A Coruña 20:30 h TEATRO DEL ANDAMIO	CDG <i>Tará-Chis-Pum!</i> Santiago de Compostela 18:00 h SALÓN TEATRO	Teatro Galileo <i>Rosso Profondo</i> <i>in punto di morte</i> Santiago 19:00 h SALA YAGO	25 DOMINGO
28 MÉRCORES				 <i>Pisando Ovos</i>		Tará-Chis-Pum! Santiago 11:00 h SALÓN TEATRO (función escolar)		28 MÉRCORES
29 XOVES	Espello Cóncavo <i>Zardigot</i> Pontevedra 20.30 h TEATRO PRINCIPAL	Teatro do Noroeste <i>Romero e Xulieta</i> Santiago 21.00 h TEATRO PRINCIPAL	Bacana <i>Hendaya, mon amour</i> Santiago de Compostela 22:00 h SALA NASA			Tará-Chis-Pum! Santiago 11:00 h SALÓN TEATRO (función escolar)		29 XOVES
30 VENRES	A Factoría Teatro <i>Os homes só contan até tres</i> Milladoiro CASA DA CULTURA	Teatro do Noroeste <i>Romero e Xulieta</i> Santiago 21.00 h TEATRO PRINCIPAL	Títeres Cachirulo <i>O libro da Selva</i> San Sadurniño 20.30 h CASA DA CULTURA	Sarabela Teatro <i>Magar no pazo do tempo</i> Ferrol 20.30 h TEATRO JOFRE	Bacana <i>Hendaya, mon amour</i> Santiago de Compostela 22:00 h SALA NASA	Tará-Chis-Pum! Santiago 11:00 h SALÓN TEATRO (función escolar)		30 VENRES
	Teatro do Adro <i>García</i> Boiro 21.00 h CASA DA CULTURA RAMÓN MARTÍNEZ LÓPEZ	Lagarta Lagarta <i>As últimas lúas</i> O Barco 21.00 h AUDITORIO MUNICIPAL LAURO OLMO	Dúo Antón de Santiago Alexis Díez <i>Recital Lírico</i> Burela 21.30 h CASA DA CULTURA					30 VENRES
31 SÁBADO	La Imagina Machina <i>A Viaxe de Efí</i> Vigo 18.00 h AUDITORIO MUNICIPAL	Teatro do Noroeste <i>Romero e Xulieta</i> Santiago 21.00 h TEATRO PRINCIPAL	Teatro de Ningures <i>Misericordia</i> Narón 20.00 h AUDITORIO MUNICIPAL	Pisando Ovos <i>N8 OHX</i> A Coruña 20:30 h TEATRO DEL ANDAMIO	Bacana <i>Hendaya, mon amour</i> Santiago de Compostela 22:00 h SALA NASA	CDG <i>Tará-Chis-Pum!</i> Santiago de Compostela 18:00 h SALÓN TEATRO	CCG <i>Vacuo</i> Ourense 20:30 h TEATRO PRINCIPAL	31 SÁBADO
	Lagarta Lagarta <i>As últimas lúas</i> Oleiros 20.30 h AUDITORIO GABRIEL GARCÍA MÁRQUEZ	Teatro Galileo <i>O avaro</i> Vilanova 20.45 h CASA DA CULTURA	Teatro del Andamio <i>Yepeto</i> Ponteareas 21.00 h AUDITORIO REVERIANO SOUTULLO	Nut Teatro <i>Corpos disidentes</i> Cee 20.30 h SALÓN DE ACTOS DO CONCELLO				31 SÁBADO

REXISTRO DE DATOS: XANEIRO 2007

CONCELLOS E ENTIDADES

Entidade / Concello	Funcións	Espectadores/ Función	Facturación / Función
A Coruña	4	132,50	826,60
A Estrada	1	60,00	260,00
Ames	2	102,50	200,00
Arteixo	3	187,00	224,40
As Pontes de García Rodríguez	2	118,00	130,80
Betanzos	1	102,00	184,00
Cambados	2	119,00	145,50
Carballo	2	112,00	305,78
Foz	1	250,00	0,00
Lugo	2	137,50	171,00
Monforte de Lemos	1	74,00	209,00
Muros	1	86,00	190,00
Narón	5	180,60	767,40
O Barco de Valdeorras	1	70,00	320,00
O Carballiño	1	64,00	128,00
Oleiros	1	202,00	480,00
Ourense	4	117,25	398,95
Pontevedra	1	222,00	897,00
San Sadurniño	1	53,00	112,50
Santiago de Compostela	2	387,00	220,00
Sanxenxo	1	77,00	192,50
Vigo	3	178,33	781,67
Vilagarcía de Arousa	1	14,00	70,00
Vilalba	1	78,00	234,00
TOTAL ENTIDADES	44	143,23	395,01

COMPAÑÍAS

Compañía	Funcións	Espectadores/ Función	Facturación/ Función
Berrobambán Teatro	2	269,00	960,00
Caramuxo Teatro	1	84,00	20,40
La Imagina Machina	3	148,00	198,80
Migallas Teatro	2	134,50	187,00
Nut Teatro	2	387,00	220,00
Os Colombariños	2	94,50	221,00
Os Quinquilláns	1	250,00	0,00
San&San	1	77,00	192,50
Sarabela Teatro	3	162,33	466,20
Talía Teatro	1	130,00	156,00
Teatre Arca	5	86,80	401,92
Teatro de Ningures	3	167,33	537,00
Teatro del Andamio	1	48,00	115,00
Teatro do Atlántico	6	74,67	253,01
Teatro do Noroeste	7	141,43	738,57
Teatro Español de Madrid	4	159,50	354,24
TOTAL COMPAÑÍAS	44	143,23	395,01

TOTAIS

	2006	2007
FUNCIONÉS	27	44
PÚBLICO	5.513	6.302
OCUPACIÓN	52,77%	38,84%
FACTURADO	10.590,00 €	17.380,56 €

